

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN ÉRGUETE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 30.05.2023 coa Fundación Érguete o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Fundación Érguete-Integración, de programas e actividades do PROGRAMA ITINERE, de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez excarceradas, no eido da incorporación social de de persoas con trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa da xestión do devandito programa.

No marco do dito programa, desenvolveranse un conxunto de actuacións a través das cales a poboación reclusa destinataria poderán adquirir ou completar a súa cualificación e competencias profesionais, coñecer a situación do mercado laboral e as técnicas máis axeitadas para acceder a este, así como recibir, no seu caso, apoio específico para o seu proceso de inserción laboral.

O ámbito territorial de aplicación deste programa estenderase aos internos e internas, que se atopen en proceso de excarceración nas Institucións penitenciarias de A Lama (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense), Teixeiro (A Coruña), o Centro de Inserción Social "Carmen Avendaño" (Vigo-Pontevedra), e o Centro de Inserción Social "Carmela Arias y Diaz Rábago" de A Coruña.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, ocúpase de xestionar os plans e programas sociosanitarios e de saúde mental da Comunidade Autónoma, e coordinar os dispositivos dependentes doutras institucións e administracións, tanto públicas como privadas, para facilitar a prestación de servizos asistenciais e promover a incorporación social de pacientes con trastornos aditivos.

Segundo o establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de

drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competente en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

O programa ITINERE ten como obxectivo a incorporación sociolaboral da poboación galega con problemática de trastornos aditivos e que se atopa en réxime penitenciario. Os obxectivos do programa correspóndense cos recollidos no Plan de Trastornos aditivos de Galicia 2011-2016.

A metodoloxía de traballo baséase no deseño de itinerarios personalizados de formación e inserción, acompañamento personalizado continuado e intermediación con empresas e administración para acadar o acceso ao mercado de traballo, mediante actividades tanto dentro do propio centro penitenciario como fóra, cando remata a súa estadía de reclusión, ou ben en réxime de semiliberdade (terceiro grao) ou liberdade condicional:

- 1-Actividades do servizo de orientación laboral en medio pechado (C.P a Lama, C.P. Pereiro de Aguiar e C.P Teixeira) e aberto (C.I.S da Coruña e de Vigo).
- 2- Actividades grupais formativas para mellorar o perfil de empregabilidade das persoas usuarias.
- 3- Supervisión dos itinerarios personalizados de inserción.
- 4- Apoio psicosocial: acompañamento no proceso terapéutico de persoas con problemas de drogodependencias e acompañamentos médicos e xudiciais.

Debido á especificidade técnica que requiren os programas de carácter sociosanitario e de incorporación nos eidos social, xurídico e laboral, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións, e debido á prioridade de darlle continuidade aos programas, non foi posible promover concorrencia pública.

No que se refire á concesión das devanditas subvencións, segundo o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, artigo 19.4, apartado a), poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as mesmas.

Por todo o dito, recorreuse a regular a continuidade deste programa de incorporación social a pacientes con trastornos aditivos que se atopan en réxime penitenciario, PROGRAMA ITÍNERE, a través da formalización dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Érguete Integración, por un importe de cento dezasete mil trescentos corenta e tres euros (117.343,00 €), que se financian con cargo á aplicación orzamentaria 5001.413A.481.20, código de proxecto 201400027, consignado nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

